XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Galicia Skills 2014

# Galicia Skills 2014

## III CAMPIONATO GALEGO DA FORMACIÓN PROFESIONAL

## 13 Reparación de carrozarías de vehículos

**Convoca:**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**Empresas patrocinadoras:**

AMAPA FERROL, S.L.L.
TODO PARA LA CARROCERIA DEL AUTOMOVIL

Priorauto

AUTO - RECAMBIOS
torreiro, s.l.

torreiro Sport

berton

IZELTAS
fercareuropa.com

galicia

DE ASÍS A COMPOSTELA
1214 · 2014

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE

## Introdución e obxectivos

A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, da Xunta de Galicia, organiza o III Campionato Galego de Formación Profesional na especialidade de "Reparación de carrozarías de vehículos".

Esta competición ten como obxectivos:

- Pór en valor a calidade e o atractivo das ensinanzas de formación profesional da familia profesional de "Transporte e mantemento de vehículos" que se imparten nos centros da nosa comunidade autónoma.
- Motivar o alumnado para a mellora da calidade da FP.
- Recoñecer e estimular o labor do profesorado.
- Potenciar as relacións dos centros nos que se imparten estas ensinanzas coas empresas deste sector.
- Seleccionar a persoa competidora que represente a Galicia no skill de "Reparación de carrozarías de vehículos" na Olimpíada de Formación Profesional SpainSkills 2015.

Os ciclos formativos relacionados con esta competición son:

- CM Automoción.
- CS Carrozaría.

## Requisitos de participación

- Cada centro presentará unha única persoa participante, que deberá ir na compaña dun profesor ou unha profesora que se comprometa a exercer o papel de titor ou titora.
- As persoas competidoras deberán ter unha idade máxima de 21 anos o 31 de decembro de 2014.
- Deberase tamén estar matriculado/a nun ciclo formativo no curso 2014-2015.
- Durante a competición realizaranse reportaxes fotográficas que se utilizarán para a difusión dos campionatos de formación profesional. As persoas participantes autorizan a utilización destas fotos e destes vídeos para tal fin.

## Inscrición

A inscrición realizaraa o centro educativo, cubrindo a solicitude de inscrición e remitíndoa ao enderezo de correo electrónico sxfp@edu.xunta.es. Esta solicitude atópase na páxina web de www.edu.xunta.es/fp/galiciaskills, onde pode consultarse toda a información sobre o campionato.

O prazo de inscrición finaliza o día 30 de abril.

## Lugar e data de celebración das probas

A competición celebrarase no CIFP Ferrolterra, de Ferrol, o día 20 de outubro.

## Contidos das probas

As probas serán totalmente prácticas divididas en catro partes:

- **Parte A**. Diagnose estrutural dunha carrozaría e posible enderezamento desta. O equipamento de medida dispoñible será o sistema universal de Celette por calibres, sistema MIGAL (usaremos as fichas do sistema Metro 2000).
- **Parte B**. Reparación de plásticos, por soldadura ou pegadura.
- **Parte C**. Realización de soldadura, soldadura a tope, solapamento, puntos de resistencia, etc.
- **Parte D**. Reparación de paneis e desaboladura.

## Materiais e ferramentas para achegar polas persoas participantes

- Cada equipo traerá de xeito persoal as bigornias, os martelos e as limas que cumpran para a realización da proba de desaboladura.
- A organización encargarase da distribución dos talleres, que deben dispor do equipamento necesario.

## Indumentaria

A indumentaria será a axeitada para a especialidade de carrozaría. As persoas concursantes deberán traer e utilizar o equipamento de seguridade individual, composto polo seguinte:

- Máscaras protectoras.
- Luvas e lentes.
- Protección auditiva.
- Calzado de seguridade.
- Traxe ou funda.
- Todas as persoas participantes deberán levar lentes de seguridade cando utilicen calquera máquina ou ferramenta eléctrica ou manual, ou calquera equipamento susceptible de desprender anacos ou fragmentos que poidan danar os ollos.
- Deberá haber unha caixa de primeiros auxilios dispoñible durante toda a competición.

Outros requisitos de seguridade específicos da profesión:

- Os/as expertos/as utilizarán o equipamento de seguridade persoal axeitado cando estean inspeccionando, comprobando ou traballando con algún proxecto das persoas participantes.
- Todos/as os/as concursantes deben utilizar lentes de seguridade durante a competición.

- A roupa de traballo deberá cumprir as respectivas normas.
- Toda a maquinaria e o equipamento deberá cumprir os requisitos de seguridade.
- As persoas participantes deberán manter a súa área de traballo despexada e o chan limpo de materiais, equipamentos ou elementos que poidan facer que alguén tropece ou patine.
- En caso de que unha persoa participante non cumpra coas normas ou instrucións de seguridade, descontaránselles puntos por seguridade. Quen incumpra repetidamente os requisitos de seguridade poderá ser temporalmente o permanentemente expulsado/a da competición (o primeiro aviso non terá consecuencias sobre a puntuación; o segundo penalizará un 20 % da nota total da proba que se estea a executar; un terceiro aviso na mesma proba poderá ser obxecto da penalización total na proba).

## Xurado

Será o responsable da avaliación dos participantes e a súa decisión será inapelable.
Estará constituído por don Miguel Vilela González, experto do skill de "Reparación de carrozarías de vehículos" de Galicia, que será o presidente do xurado, ademais do profesorado da especialidade e representantes das empresas patrocinadoras, de ser o caso.
Se algún membro do xurado é profesor ou profesora no centro onde curse os seus estudos algunha persoa participante, absterase de avaliala.

## Premios

- A persoa competidora con maior puntuación obterá a medalla de ouro no skill de "Reparación de carrozarías de vehículos" e representará a Comunidade Autónoma de Galicia na Olimpíada SpainSkills 2015.
- Quen obteña a seguinte mellor puntuación en cada skill obterá a medalla de prata nesa especialidade e será suplente para representar a Galicia na Olimpíada SpainSkills 2015.
- Os premios faranse públicos nun acto conxunto de entrega de premios e diplomas.
- Se o considera oportuno o xurado, algún premio pode quedar deserto.
- Todas as persoas competidoras recibirán un diploma que certifique a súa participación en GaliciaSkills 2014.